

ANUNCIO DE LICITACIÓN

1. Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Concello de Arzúa (A Coruña)
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Obtención de documentación e información: Na páxina web do concello
 - 1) Domicilio: R/ Santiago, n.º 2
 - 2) Localidade e código postal: Arzúa, 15810
 - 3) Teléfono: 981500000
 - 4) Telefax: 981500914
 - 5) Correo electrónico: irene.couselo@concellodearzua.com
 - 6) Dirección de Internet do perfil do contratante: www.concellodearzua.com
 - 7) Data límite de obtención de documentación e información: antes de que remate o prazo de dous meses, para a presentación de proposicións.

2. Obxecto do contrato

- a) Tipo: Mixto de obra e servizo, conforme ao disposto no artigo 6 n.º 1 e 12 do TRLCSP, xa que se contratan conxuntamente a elaboración do proxecto técnico e a execución das obras, en aplicación do disposto no artigo 124 da referida norma.
- b) Descrición: Contratación por procedemento aberto das obras de demolición do sexto andar e último no edificio nº 2 da rúa de Lugo (Arzúa) e posterior construción da cuberta do mesmo, incluíndo a previa confección dos proxectos técnicos.
- c) Lugar de execución: Arzúa
- d) Prazo de execución:
 - 1. Prestación de servizo de redacción de proxecto técnico: Dous meses dende a formalización do contrato.
 - 2. Execución da obra: Seis meses contados dende a data da aprobación do proxecto técnico de execución, ou dende a data en que se produza o desaloxamento efectivo dos veciños das plantas afectadas pola demolición, se esta data fose posterior.
- e) Admisión de prórroga: O prazo contractual só se prorrogará se se condicionan as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.
- f) CPV (Referencia de Nomenclatura): CPV2008:45110000 e CPV2008:45200000

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto
- c) Criterios de adxudicación

I. Criterios non avaliados mediante fórmulas, dependentes dun xuízo de valor ata 80 puntos:

- Valoración do proxecto básico de 0 a 30 puntos.
- Medidas de seguridade extraordinarias a adoptar de 0 a 20 puntos.
- Grao de coñecemento, experiencia profesional e idoneidade dos medios humanos adscritos para o desenvolvemento dos traballos de 0 a 30 puntos.

II. Criterios de valoración de aplicación automática mediante fórmulas ata 20 puntos.

- Oferta económica de 0 a 10 puntos.
- Mellora do importe da póliza de seguro na modalidade de responsabilidade civil extracontractual esixida na cláusula 18ª do prego, con obxecto de cubrir os danos materiais e/ou corporais e os prexuízos económicos ocasionados a terceiros, con respecto ao límite xeral mínimo fixado de 3.000.000 euros de 0 a 10 puntos.

4. Prezo do contrato: 233.033,62 euros (192.589,77 euros prezo sen IVE, máis 40.443,85 euros en concepto de IVE ao 21%).

a) Para posibles desaloxamentos: Fíxase unha cantidade máxima de 50.000 euros.

b) Revisión de prezos de contratación: Non poderán ser obxecto de revisión.

5. Garantías esixidas.

Provisional: Non se esixe

Definitiva (%): 5% do importe de adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

Complementaria: equivalente ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE. Esta garantía constituirase separadamente e poderá ser devolta unha vez que se formalice a acta de recepción.

6. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación (grupo, subgrupo e categoría) (no seu caso): Non se esixe, pero a clasificación no Grupo C, Subgrupos 1, 2, 4, 6, 7, 8 e 9, categoría 2 servirá para acreditar a solvencia.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: Esixirase de conformidade co previsto na cláusula 11ª n.º 2, punto 1.1, letra K do prego de cláusulas administrativas particulares.

7. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación. Dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no último dos boletíns onde apareza (DOGA ou BOP).

b) Lugar de presentación: Rexistro xeral do concello de Arzúa; a través dos Sobres A), B) e C) previstos na cláusula 11ª n.º 2, punto 1, punto 2 e punto 3, respectivamente, do prego de cláusulas administrativas particulares, podéndose utilizar o sistema de envío por correo, nos termos que figuran na cláusula 11ª n.º 1 do citado prego.

8. Apertura de ofertas:

a) Apertura Sobre A): No prazo máximo de un mes dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación examinará a documentación administrativa e comunicará aos licitadores os defectos ou aclaracións e o prazo para emendar.

b) Apertura Sobre B): Nun prazo non superior a 7 días a contar dende a apertura da documentación administrativa, en acto público no lugar, data e hora que se comunicarán mediante a súa publicación no perfil do contratante.

c) Apertura Sobre C): Unha vez emitido o correspondente informe polo Comité de Expertos, a Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura do Sobre C) no lugar, data e hora que se sinale no taboleiro de anuncios e no perfil do contratante.

d) Dirección: R/Santiago, 2 - Arzúa (A Coruña)

e) Localidade e código postal: Arzúa, 15810

9. Gastos de publicidade: Serán por conta do adxudicatario, ata un importe máximo de 1.500 euros que deberá aboar antes da formalización do contrato.

10. Outros gastos: De conformidade co previsto na cláusula 21ª n.º 3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Arzúa, 14 de febreiro de 2018.

O alcalde

Asdo.: José Luis García López